

CRITERIOS DE CORRECCIÓN PARA O CUARTO EJERCICIO DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DA CATEGORÍA PROFESIONAL TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE FOTOCOMPOSICIÓN, GRUPO III, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE FEBREIRO DE 2024.

O tribunal de selección, reunido en sesión extraordinaria celebrada o 25 de febreiro de 2025, acordou:

Primeiro: facer públicos os criterios de corrección do cuarto exercicio do procedemento selectivo, segundo se indica:

- O cuarto exercicio consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 30 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos non específicos que figura no programa que se relaciona no anexo II da convocatoria.
- O tempo para a realización deste exercicio será de 40 minutos.
- Este exercicio cualificarase de 0 a 5 puntos, e será obrigatorio e non eliminatorio.
- Tribunal acordou que as preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas que estea en poder do Tribunal, non computan.
- As preguntas incorrectas ou non contestadas non puntúan negativamente.

Segundo: Establecer que as preguntas de reserva, numeradas da 31 á 33, entrarán por orde a substituír á aquelas que se anulen en base a do resultado das posibles reclamacións presentadas e aceptadas.

Terceiro: Facer públicos os seguintes aspectos organizativos:

- O chamamento das persoas aspirantes comezará ás 10:00 horas do día 28 de febreiro de 2025, diante da sala de xuntas (2º andar) da Vicerreitoría de Política Científica (Edificio CACTUS), Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela. A orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra H, de conformidade co establecido na Resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal.
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de lapis número 2 e goma de borrar.
- A hora de inicio e remate do exame indicárase polo Tribunal. Non obstante, as persoas aspirantes poderán abandonar a aula unha vez transcorridos os primeiros 30 minutos dende o comezo do exame.
- As persoas aspirantes teñen a obriga de entregar a folla de respostas do exame.

- O Tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir as persoas aspirantes durante a celebración do exercicio.
- Para garantir o seu anonimato non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura na folla de respostas do exame que poida inducir á súa identificación, de facelo, invalidarase o exame dándolle unha puntuación de 0.

Cuarto: Establecer que serán causa de exclusión do proceso selectivo:

1. A utilización de teléfonos móbiles, axendas, reloxos intelixentes ou calquera outro dispositivo electrónico. Non se dispón de servizo de recollida ou depósito deste material.
2. Abrir o sobre que contén o cuestionario ou comezar a realización do exercicio antes de que o autorice o Tribunal, así como continuar escribindo unha vez se indique o remate do tempo de exame.
3. Falar, copiar ou intercambiar información co exterior ou calquera persoa participante neste proceso.

Quinto: Reclamacións.

Consonte coa base 6.8 da Convocatoria: “As persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización de cada exercicio, para presentaren reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal no correspondente exercicio”.

Sexto: O Tribunal acorda informar que se publicarán no Taboleiro Electrónico e na Páxina web do Subárea de Planificación e Programación de PAS da Universidade as instrucións detalladas para desenvolvemento da proba con antelación á data da súa celebración

A presidenta en funcións do tribunal
Isabel Arguelles García

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL ARGÜELLES GARCÍA, NIF ***8828**, 26/02/2025 09:08:21.

CSV: 3679-62E4-4400-80D4